

Ditame
5/13

D I T A M E

sobre o anteproxecto de

Lei do **emprendemento**
e da competitividade económica
de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 11 DE XULLO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

Juan José Gallego Fouz, secretario xeral
do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en
sesión celebrada o día 11 de xullo de 2013, coa asistencia
dos membros que de seguido se relacionan,

Presidenta *Corina Porro Martínez*

Secretario xeral *Juan José Gallego Fouz*

GRUPO PRIMEIRO

UGT-Galicia *José Carlos Rodríguez del Río*
Rosa Arcos Caamaño
Domingo Barros Montáns
Mar Alfonsín Madrigal

CIG *Manuel Currás Meira*
Natividade López Gromaz

S.N. CC.OO. *Maica Bouza Seoane*
Adela Poisa Baños
Juan Martínez García
José Manuel Lago Peñas

GRUPO SEGUNDO

CEG *José Antonio Neira Cortés*
Rafael Serrano Hernández
Eugenio Geijo Carril
Verónica Val Vázquez
José Manuel Maceira Blanco
Ana Belén Vázquez Eibes

Araceli de Lucas Sanz
Ana García Caeiro
Marta Amate López

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	<i>Alba Torreira Puga</i>
SLG	<i>Xosé Pérez Rei</i>
Xóvenes Agricultores	<i>Antonio de María Angulo</i>
Confrarías	<i>Evaristo Lareo Viñas</i> <i>José Antonio Gómez Castro</i>
Consumidores	<i>Otilia Novegil Villanueva</i>
Universidades	<i>Angel S. Fernández Castro</i>

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de
seguido.

“

ANTECEDENTES

1.- En data 10 de xuño de 2013 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite de urxencia, o anteproxecto de lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei en virtude das funcións recollidas no artigo 5 da súa lei de creación (lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as súas funcións a de emitir ditames de carácter perceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “*Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)*”

2.- O texto do borrador foi remitido, en data de 12 de xuño, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado dos seguintes informes: Memoria xustificativa e de análise de impacto normativo; Memoria económico-financeira; Informe da Asesoría Xurídica Xeral; Informe da Dirección Xeral de Función Pública; Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa; Informe da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio; e do Informe da Secretaría Xeral de Igualdade.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 7/13, de data 4 de xullo, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/13, do 11 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto a definición dun marco normativo específico que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento. Así mesmo, pon en valor e regula a actividade da persoa investidora particular en proxectos de emprendemento.

Tamén constitúe o obxecto desta lei a regulación do réxime xurídico e dos instrumentos de intervención administrativa aplicables á instalación e apertura de establecementos e ao exercicio de actividades económicas e a regulación do réxime de comunicación previa administrativa para o exercicio de actividades e a realización de actos de uso do solo e do subsolo.

Na propia exposición de motivos indícase que as propostas recollidas no anteproxecto teñen en conta que o apoio ao emprendemento debe ser integral, é dicir, tendo en conta a fase na que unha actividade emprendedora se atopa. Indica ademais que os instrumentos propostos teñen un carácter multidisciplinar (formación, asesoramento, estudos de viabilidade, financiamento, etc.)

O anteproxecto de lei consta de 56 artigos, agrupados á súa vez en tres títulos, referidos ao obxecto da lei, ás medidas para estimular o emprendemento e a actividade emprendedora e á regulación integrada do exercicio de actividades. Asemade, contén dúas disposicións transitorias, dúas disposicións derogatorias e oito disposicións finais, máis un anexo.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- Unha vez máis, o CES ten que reiterarse en que o recurso ao trámite do ditame pola vía de urxencia debería xustificarse suficientemente polo órgano remitidor do anteproxecto. Téñase en conta que a premura de prazos que esta vía impón limita seriamente as posibilidades de análise, proposta de consideracións e debate das mesmas, de maneira que, en definitiva, supón unha merma da calidade agardable do ditame. Neste caso, o proxecto de lei vense tramitando dende moito tempo atrás, incorpora previsións económicas recollidas nos orzamentos da comunidade autónoma para 2013 e, sen embargo, na súa Disposición derradeira (sic) oitava prevé unha vacatio legis de tres meses.

- O CES tivo ocasión de pronunciarse en diferentes informes e ditames sobre a necesidade de regular un marco propicio para o emprendemento, polo que non ten dúbidas sobre a oportunidade de regular unha materia tan importante como esta na nosa Comunidade Autónoma. Por tal motivo, entende que o que se regule no anteproxecto tería que incidir na realidade de Galicia.

Segundo os datos do Directorio Central de Empresas, o número de empresas con actividade en Galicia ascende no ano 2011 a 206.426 empresas (último dato publicado polo IGE), cifra moi importante para un país que conta con pouco máis dun millón de persoas ocupadas (1.083,0 miles de persoas en 2011 e 1.039,4 miles de ocupados no último ano).

Neste senso, o principal problema non radica no número de empresas ou unidades de negocio que desenvolven a súa actividade en Galicia, senón en que o seu tamaño é moi reducido. Os datos estatísticos amosan que o 62%, case 130.000 empresas, son autónomas sen empregados, isto é, empresas individuais, o que reflicte as dificultades que teñen de crecer e de xerar emprego. Ademais, cómpre salientar que outro 30 % das empresas teñen entre 1 e 5 persoas asalariadas e tan só o 0,2 % do total (412 empresas) teñen máis de 100 empregos.

En Galicia, o emprego por conta propia, empresarios ou empresarias con asalariados e sen asalariados, suman 223,7 miles de persoas, que son o 21,5%

do total do emprego e que chega ao 26,3% tendo en conta só o sector privado da economía.

Esta presenza dos empresarios ou empresarias, con ou sen asalariados, na estrutura do emprego de Galicia está por riba da media estatal, e esta, á súa vez, moi por riba da media da Unión Europea. Sirva como exemplo que en España hai 2 millóns de autónomos mentres que en Alemaña, que nos dobra en poboación ocupada, hai 2,5 millóns de persoas autónomas.

Por tal motivo, un dos obxectivos centrais dunha lei de apoio ás iniciativas empresariais tería que actuar sobre este punto: que facer para que se consoliden os proxectos empresariais, para conseguir que as empresas crezan e se fagan máis competitivas.

- Máis aló da figura da pequena e mediana empresa, bótase de menos o tratamento da importante a figura do empresario autónomo. Convén lembrar que ao redor do noventa por cento dos emprendedores son autónomos, e que a persoa física é a forma predominante dentro das pemes. Trátase de empresarios que optan ademais por manter esta forma empresarial durante os primeiros anos da súa actividade. Por este motivo, sinálase que a futura norma debería atender en boa medida a este colectivo, pilar fundamental do tecido económico do noso país.

- O CES considera que tanto o concepto de emprendedor como o de actividade emprendedora non aparecen convenientemente recollidos no anteproxecto. Esta afirmación baséase fundamentalmente no feito de que tanto nun como noutro caso aparecen indebidamente mezclados elementos de ambas definicións, o que inevitablemente xera confusión.

Neste senso, estímase que cando se define á persoa emprendedora deben ser considerados unicamente elementos que concirnen ou afectan ao suxeito (persoa física ou xurídica, autónomo, cooperativista, etc.), con remisión expresa, en canto ás características da actividade que aquel debe realizar aos efectos previstos na norma, ao correspondente concepto de actividade emprendedora. A mesma fórmula cabería aplicar á definición desta última.

A confusión que ás veces se produce afecta non só ás formulacións de

ambos os dous conceptos (artigos 3 e 5) senón tamén a outras disposicións do articulado, tal e como sucede, entre outros, no artigo 4 cando di “*Aos efectos do presente título non se considerarán persoas emprendedoras: (...) e) As actividades relacionadas coa actividade bancaria (...)*”, sendo así que a dita exclusión afecta á actividade e non propiamente ao suxeito.

En definitiva, sendo os ditos conceptos un aspecto esencial da regulación que se proxecta, en torno ao que xira o conxunto das medidas previstas por esta, resulta indispensable que aqueles sexan clarificados e convenientemente deslindados no sentido anteriormente exposto. Noutro caso incorreríase nunha evidente inseguridade xurídica que afectaría á aplicación mesma da norma e que, eventualmente, podería ser a orixe de conflitos diversos.

Noutra orde de observacións, mais relativas tamén á configuración das sinaladas figuras, o CES estima necesario que se contemple dentro da actividade emprendedora non só as actividades que se emprendan ex novo, como parece dar a entender a norma, senón tamén aquelas outras iniciativas que, aínda que xa están implantadas, sen embargo, abordan unha nova liña de creación ou produción no marco de actividades propio do anteproxecto.

- Tendo en conta que o artigo 18 deste anteproxecto de Lei sinala que as medidas de apoio a proxectos innovadores ou con proxección internacional serán de aplicación preferente, o CES considera que o seu contido debería estar incluído no obxecto da lei (artigo 1.- “Obxecto”). Asemade, no propio obxecto da Lei debería engadirse como obxectivo prioritario o apoio a proxectos dirixidos a mellorar ou potenciar a produción e o consumo de produtos elaborados na Comunidade Galega.

Así mesmo, considérase que a previsión de medidas económicas de apoio ao emprendemento de proxectos consideradas como de aplicación preferente, non debería deixar sen apoio a proxectos doutros sectores.

- O CES quere resaltar que se deixan demasiadas materias a posteriores desenvolvementos regulamentarios sen que se establezan prazos concretos para levalos a cabo, o que podería incidir negativamente no alcance da norma e na súa aplicación efectiva.

- En xeral, pódese dicir que o ditaminado é un anteproxecto de Lei sen memoria económica que permita financeira. Segundo á “Memoria Económico-financeira do anteproxecto de Lei de Emprendemento de Galicia e de Liberalización da Actividade Económica” que acompaña ao anteproxecto obxecto de ditame, non se contemplan novas asignacións presupostarias en 2013, e non se especifican as contías respecto a anos posteriores, o que constitúe unha limitación para a súa eficacia.

A lei prevé que se creará un fondo de capital risco cunha dotación inicial non inferior a 2 millóns de euros, cifra que resulta insuficiente.

- Tendo en conta que este anteproxecto ten un carácter global, recollendo medidas cuxo deseño corresponde a diversas Consellerías e entidades do sector público autonómico, como poden ser, por poñer algúns exemplos, a Consellería de Facenda (aplicación de disposicións fiscais), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (adaptación de currículos formativos ou fomento da cultura emprendedora) ou a Consellería de Traballo e Benestar (fomento do autoemprego), o CES considera que a actual redacción debería indicar que é a Consellería competente en materia de economía quen ten as competencias de coordinación das distintas actuacións propostas.

Por outra parte, o CES entende que ademais da propia actividade da Administración Xeral da Comunidade e entidades do sector público autonómico, o texto da lei tamén debería orientar a actividade administrativa das Administracións Locais neste ámbito do emprendemento, en coherencia coas medidas de simplificación administrativa reguladas no Título III.

- Neste enfoque, o conxunto das distintas medidas de aplicación ao emprendemento deberan articularse a través dun Plan Integral de Apoio á Actividade Emprendedora no que se inclúan todas as accións nesta materia desenvolvidas polas distintas Administracións Públicas e entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. En opinión do CES, este Plan debería contemplar, entre outros aspectos, as medidas concretas de apoio, especialmente aquelas dirixidas a paliar a restrición do crédito que sofren as empresas, o marco orzamentario necesario, os prazos de elaboración e a definición de indicadores para a súa avaliación e seguimento a través do órgano de participación institucional que corresponda.

- Asemade, a xuízo do CES falta incorporar o concepto de responsabilidade social máis alá da igualdade de oportunidades.
- Finalmente, deberían incorporarse de forma específica referencias a disposicións para facilitar a sucesión, o traspaso de empresas ou a superación de situacións de fracasos ou quebra de empresas, materias que son tratadas no Plan de Acción sobre Emprendemento 2020 (Relanzar o espírito emprendedor en Europa).

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Título da Lei.

O CES considera que a denominación recollida no anteproxecto debería adecuarse ao seu obxecto, sinalado no Título I. O escaso contido de medidas directamente relacionadas coa competitividade económica de Galicia non xustifica a súa inclusión no título desta norma. Por outro lado, a inclusión do slogan “GALICIA EMPRENDE” non é propio do título dunha norma ou disposición legal como a que nos ocupa.

Exposición de motivos.

O CES considera que para sustentar a motivación desta Lei, a exposición de motivos debería facer referencia fundamentalmente a fontes estatísticas oficiais, sen menoscabo do recoñecemento da calidade de fontes alternativas.

Na exposición de motivos debería salientarse o carácter emprendedor da comunidade galega, incluíndose unha mención especial ao valor que achega o emprendemento ao conxunto da sociedade. A partir desta consideración inicial resultaría conveniente que dende as distintas Administracións Públicas se potencie e facilite a iniciativa emprendedora.

O punto V da Exposición de motivos menciona a reestruturación e o emprendemento colectivo, así como o cooperativismo e a economía social liderada pola Rede Eusumo. En opinión do CES esta medida é demasiado específica como para recollerse na exposición de motivos da lei. Na nosa opinión, non debería facerse referencia a redes específicas xa que iso obrigaría a mencionar a totalidade das redes de referencia, que por outra parte poderían modificar a súa denominación polo que non sería aconsellable incorporar unha mención tan concreta ao texto do Anteproxecto.

No concernente ao seu punto VI, o anteproxecto sinala que as propostas deben manter un apoio integral ao emprendemento, establecendo varias fases.

Sen embargo, nestas non se contempla a fase de peche ou quebra, sucesión, traspaso ou transmisión, nin menciona tampouco o que ten que ver coa cultura emprendedora (que si se recolle no obxecto da lei) e a detección e desenvolvemento de oportunidades.

No punto VII, ao referirse ao marco comunitario, sería conveniente unha mención ao Plan de Acción Europeo para o Emprendemento, enmarcado na Estratexia 2020.

Noutra orde de observacións, e tamén respecto ao ámbito europeo, sería oportuno incluír a referencia aos fondos estruturais comunitarios, por mencionar a orixe dos recursos que seguramente se utilizarán para o financiamento dalgunhas das actividades e iniciativas de apoio que se propoñen.

No punto X sinálase que o establecido na Lei se entende sen menoscabo do disposto noutras normas en materia laboral, educativa, e sobre Colexios profesionais. O CES considera que habería que incluír nestas referencias a lei 17/2008, de 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, pois a norma proxectada propón a creación dun novo órgano de carácter asesor e de participación institucional.

Finalmente, o CES entende que a exposición de motivos debería incluír unha alusión a que o anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia, incorporando para tal mención un parágrafo final.

Título I. Obxecto da Lei

Artigo 1. Obxecto

Sen prexuízo do xa observado nas consideracións xerais acerca da materia contemplada neste artigo, o CES entende que o obxecto que se define neste artigo da Lei debería centrarse máis no fomento da actividade emprendedora e na creación de emprego, e non tanto na definición do marco normativo.

Título II. Medidas para estimular o emprendemento e a actividade emprendedora

Capítulo I. Disposicións Xerais (artigos 2 ao 5)

Artigo 4. Excepcións

No que á letra a) se refire, e tendo en conta que o colectivo de Traballadores Autónomos Economicamente Dependentes pode considerarse como un colectivo necesitado dunha especial protección, a xuízo do CES é necesaria unha aclaración en relación á súa exclusión dado que non deixan de ter a consideración de autónomos no entanto non se incluíran no marco do Estatuto dos Traballadores como unha relación laboral de carácter especial.

No que atinxe ao apartado f), considérase que é necesario substituír a expresión “dados de alta” co obxectivo de que exista unha concordancia co establecido no artigo 5, apartados 2 e 4, que se refiren ao inicio da actividade emprendedora.

Capítulo II. Principios informadores da Lei

Artigo 6. Principios informadores

Coa finalidade de incorporar, visibilizar e impulsar as distintas fórmulas da economía social e non só o “emprendemento de base cooperativa”, o CES propón unha nova redacción do punto f) facendo referencia a outras formas de economía social:

“...do emprendemento de base cooperativa e outras fórmulas da Economía Social...”.

Capítulo III. Medidas de simplificación administrativa (artigos 7 ao 9)

O anteproxecto propón instrumentos pero non se concretan medidas en materia de simplificación e racionalización administrativa para todas aquelas persoas que van emprender unha actividade empresarial. Entre outros, deberían incorporarse ao texto algúns criterios que contribuirían sen dúbida a esta mellora:

- Substituír, cando sexa conveniente, as autorizacións por declaracións responsables ou comunicacións previas da persoa interesada.
- Reducir o número de trámites e os seus prazos, evitando as peticións de

documentación ao administrado cando esta xa obre en poder da Administración ou que se poida conseguir a través do intercambio de datos con outras Administracións, sempre que no caso de datos de carácter persoal se conte co consentimento da persoa interesada.

- Eliminar a duplicidade de controis e axilizar a emisión de informes.
- Impulsar a tramitación telemática dos procedementos administrativos e fomentar o uso da administración electrónica entre cidadáns.
- Simplificar os procesos para a posta en marcha dunha actividade, integrando nun único procedemento a través de xanela única as diferentes tramitacións así como as solicitudes de medidas de apoio para a posta en marcha da actividade.
- Utilizar unha linguaxe sinxela e clara para a cidadanía en procedementos, comunicacións, instancias, solicitudes e en xeral en calquera documento administrativo.
- Mellorar os procedementos administrativos de contratación pública mediante:
 - a) Integración con outros sistemas de información de contratación pública, eliminando duplicidades de plataformas / rexistros nas distintas Administracións (sector público autonómico, entidades locais, universidades...). Consolidación progresiva da información relacionada coa actividade de contratación pública nun único sistema de información corporativo (Plataforma de contratación pública de Galicia).
 - b) Creación dun Rexistro Único nos rexistros de entrada dos Concellos e que estes se encargasen do envío de documentación ás distintas administracións.
 - c) Estandarización dos procesos de contratación das Unidades de Contratación dos distintos departamentos e organismos.
 - d) Garantir o acceso público á información dos expedientes de contratación a través dunha única plataforma dixital.
 - e) Redución progresiva do soporte papel. Implantación da contratación electrónica.
 - f) Redución do tempo medio necesario para a tramitación completa dos expedientes de contratación. Fixación de prazos máximos

para a tramitación dos procedementos de contratación.

g) Regulación da figura do expediente persoal cidadán dixital (no que se inclúa información, documentación e trámites realizados polos cidadáns coas administracións, e ao que se podería acceder a medio do DNI dixital ou certificado dixital) ou cando menos a súa mención e posterior desenvolvemento regulamentario.

h) Eliminación da verificación de poderes na fase de licitación, que só será esixible para quen resulte adxudicatario.

– Facilitar o acceso das persoas emprendedoras á normativa vixente da actividade a través dos soportes informáticos, así como a toda a información sobre os procedementos para o inicio, execución e conclusión dunha actividade emprendedora.

– Elaborar un índice estatístico de carga e simplificación administrativa para os emprendedores e as empresas, por parte do Instituto Galego de Estatística, en consonancia co formulado noutras comunidades autónomas que permitan a comparabilidade con outros territorios e a avaliación no tempo da eficacia das medidas de simplificación.

Artigos 7.- Puntos de Activación Empresarial para persoas emprendedoras e 8.- Unidade Galicia Emprende

Tendo en conta que o obxectivo da elaboración de propostas é unha redución progresiva de cargas administrativas soportadas, o CES considera que, de cara a evitar duplicidades e/ou confusión ás persoas emprendedoras, os puntos de activación empresarial deberían integrarse na Unidade Galicia Emprende.

A lei sinala que a súa labor será a de información, asesoramento e avaliación, polo que deberían especificarse os medios persoais e orzamentarios dos que se disporá e non deixar para un desenvolvemento regulamentario posterior o establecemento das súas condicións, características e composición.

Capítulo IV. Medidas para facilitar o financiamento das persoas emprendedoras (Artigos 10-13)

O CES considera necesario a eliminación da esixencia de garantía provisional para poder tomar parte nas licitacións. Asemade, no marco dos procedementos específicos para a compensación de débedas de natureza pública, cómpre facer efectivo que as empresas poidan solicitar a compensación das débedas que manteñan coa Administración cos créditos recoñecidos por esta ao seu favor por actos administrativos, xa teñan orixe tributaria ou non tributaria.

Artigo 11. Investidor/a particular de apoio ao emprendemento.

A xuízo do CES non debera establecerse un mínimo de investimento tan elevado (50.000 €) para facilitar tamén que proxectos con menor investimento poidan ter o apoio dun investidor particular.

Capítulo VI. Medidas no ámbito educativo

Artigo 15. Políticas activas da Xunta de Galicia no eido educativo

Valórase positivamente a posta en marcha dun Plan de Emprendemento no sistema Educativo, sen prexuízo de incorporarse a un plan de apoio integral de conformidade co sinalado nas consideracións xerais.

Capítulo VII. Servizos de capacitación previa e de consolidación e crecemento.

Artigo 16. Servizos de apoio

O CES considera que a redacción proposta é restritiva e que o seu contido debería ampliarse facendo referencia tamén á consolidación dos proxectos empresariais. Isto favorecería a creación dun tecido empresarial sólido que permita ás distintas iniciativas ser máis competitivas e xerar emprego.

Sería conveniente a definición dunha Plataforma do Emprendedor que teña como obxectivo agrupar en Rede toda a información que poida ser de utilidade ás persoas emprendedoras, e en concreto aquela relativa aos recursos financeiros aos que poida acceder.

Capítulo VIII. Medidas de fomento de ámbitos específicos do emprendemento (artigos 17 e 18)

Artigo 18. Apoio a proxectos innovadores ou con proxección internacional.

Con independencia do xa observado nas consideracións xerais en relación a este capítulo VIII, o CES considera que non existe concordancia entre o título do capítulo e o contido dos artigos 17 e, especialmente, 18, dado que non aparece ningunha medida de fomento dos ámbitos específicos.

A maiores, sería conveniente aclarar como se vai articular a cualificación de proxectos innovadores con outras xa existentes como a de IEBT's.

Capítulo IX. Consello Galego de Economía e Competitividade. (artigos 19 ao 22)

A xuízo do CES, só ten sentido a creación do Consello Galego de Economía e Competitividade se acota os seus fins e funcións ás propias do emprendemento, por canto a meirande parte das funcións previstas no anteproxecto poden ser desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia, ao estar xa contempladas na súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño), e polos tres Consellos cuxa supresión prevé o anteproxecto: Consello Galego de Industria, Consello Galego de Minería e Consello Galego de Comercio, Consellos que entendemos deberían seguir desenvolvendo a súa función.

Título III. Regulación integrada do exercicio de actividades.

Capítulo I. Supresión da licenza municipal de actividade e réxime de comunicación previa (artigos 23 ao 30)

Artigo 23. Supresión da licenza municipal de actividade

Considérase positiva a regulación da comunicación previa que ven a substituír con carácter xeral a licenza municipal de actividade, co fin de eliminar trabas e obstáculos administrativos e burocráticos, que retarden ou impidan o inicio de novas actividades.

Artigo 24. Comunicación previa

O CES considera que é necesaria unha nova redacción deste artigo co obxectivo de evitar redundancias, eliminar repeticións e tender cara unha maior simplificación administrativa.

A modo de exemplo, a letra a) do primeiro apartado deste artigo menciona "...coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos", entendendo que debería abondar coa declaración regulada na letra c).

Artigo 27. Modificacións das actividades

No seu número 2 este precepto obriga a comunicar ao órgano competente “calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento”. En opinión do CES, debera concretarse que se entende por “calquera cambio” por canto no seu apartado 3 xa se establece cando é necesaria unha nova comunicación (con cumprimento dos requisitos do art.º 24).

Capítulo IV. Réxime sancionador.

Artigo 49. Infraccións graves

En coherencia co exposto na consideración particular correspondente ao artigo 27.- “Modificacións das actividades”, na nosa opinión é excesivo considerar como infracción grave a falta de comunicación dunha modificación cando iso “non supón un risco grave para as persoas ou os bens”.

Disposición derradeira (sic) primeira. Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

O CES considera que os límites das deducións e reducións fiscais por investimento deberían ser maiores de sorte que efectivamente se fomenta o

investimento por parte das persoas emprendedoras. Neste senso, e en relación ao imposto de sucesións e doazóns, os requisitos para poder aplicar as reducións previstas limitan a súa aplicación.

No que atinxe á obriga de que se conte como mínimo con dúas persoas contratadas por conta allea a xornada completa, o CES entende que esta medida deixa fóra ao colectivo dos autónomos, obviando que cando unha persoa se constitúe como empresario individual, xa está a crear o seu propio posto de traballo.

Disposición derradeira (*sic*) sexta. Habilitación normativa.

O CES considera que deberían establecerse prazos concretos para o desenvolvemento regulamentario concernente a todos os aspectos que regula esta Lei.

Disposición derradeira (*sic*) sétima. Lei de orzamentos.

A previsión de modificación de calquera das disposicións contidas nesta Lei, ao traveso das leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, ten difícil encaixe legal. Enténdese que deberían concretarse cales disposicións poden ser modificadas mediante ese procedemento, limitándose a aquelas que garden unha directa relación cos ingresos ou gastos do sector público.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O CES considera que o texto do anteproxecto debería someterse a unha corrección lingüística para subsanar diversos erros. Entre eles, débese sinalar o frecuente uso das barras para resolver a linguaxe de xénero, opción que a propia Xunta de Galicia nas súas recomendacións oficiais aconsella exclusivamente para redactar formularios. Igualmente, o anteproxecto incorpora oito disposicións “derradeiras” que deberían denominarse disposicións finais, para non contradicir a definición que do termo derradeira fai a Real Academia Galega.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2013 ””

Vº. e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo. *Corina Porro Martínez*

Asdo.: *Juan José Gallego Fouz*



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

